

número 3 en lingua galega, do 1 de febreiro de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 468, primeira columna, no artigo 3.2, alínea b), onde di: «... Para os efectos previstos neste real decreto non terán a consideración de instalacións móbiles as instalacións que non funcionen nin se poidan poñer en servizo mentres se están a trasladar.», debe dicir: «... Para os efectos previstos neste real decreto tamén terán a consideración de instalacións móbiles as instalacións que funcionen ou se poidan poñer en servizo mentres se están a trasladar.»

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

12694 *REAL DECRETO 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.* («BOE» 155, do 29-6-2007.)

O seguimento e control dos movementos do gando converteuse nos últimos anos nunha ferramenta imprescindible para a posta en práctica de políticas de sanidade animal e seguraza alimentaria. Así, as redes de epidemiovixilancia veterinaria xa establecidas tanto na normativa comunitaria como na nacional e as bases de datos de rastrexabilidade do gando bovino e porcino, plenamente operativas, demostraron a necesidade e pertinencia de recoller en rexistros informatizados toda a información básica dos movementos entre explotacións, incluíndo os mercados e os matadoiros, dos animais das especies de interese gandeiro, así como os datos básicos a rexistrar, en función da normativa aplicable, dos animais identificados individualmente.

En consonancia con esta realidade a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece no seu artigo 7.1 a obriga dos propietarios ou responsables dos animais de comunicarlles ás administracións públicas os datos relativos ás entradas e saídas de animais. Ademais, no artigo 51.1 da dita lei, e tamén relacionado co movemento pecuario, establécese que cando se realice un movemento de animais entre comunidades autónomas, a comunidade autónoma de orixe deberá comunicarllo á de destino. Por último, no seu artigo 53 establécese que a Administración xeral do Estado creará un Rexistro nacional de carácter informativo, na forma e condicións que se determinen regulamentariamente, no cal se incluírán os datos básicos dos movementos de animais dentro do territorio nacional.

Por outro lado, xa están regulados, para tres especies, os rexistros dos datos básicos dos animais identificados individualmente. Para os bovinos, polo Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, desenvolvido pola Orde do 21 de decembro de 1999 pola que se crea a Mesa de coordinación de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e se regula unha base de datos informatizada e, para os ovinos e caprinos, polo Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina.

O obxecto principal é establecer o Rexistro xeral de movementos de gando, e unificar os xa establecidos para animais identificados individualmente no Rexistro xeral

de identificación individual de animais, ao cal no futuro se poderían incorporar novas especies.

Estes novos rexistros xunto co creado polo Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, posibilitarán a realización dunha rastrexabilidade completa dos animais de interese gandeiro e permitiralles aos titulares das explotacións gandeiras cumprir as obrigas, respecto á rastrexabilidade dos animais destinados á produción de alimentos, establecidas polo Regulamento (CE) N.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguraza Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguraza alimentaria.

Así mesmo, e co fin de permitir o seguimento dos animais nos seus desprazamentos, estes deben ir acompañados dun documento de movemento que ademais será o instrumento utilizado polos gandeiros e posuidores de animais para a comunicación dos movementos á autoridade competente, para a posterior inclusión dos movementos no Rexistro xeral de movementos de gando. Este documento de movemento substituirá o documento de traslado recollido para as especies ovina e caprina no Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina, polo que se procede mediante este real decreto á súa modificación.

Por último, considérase necesario aplicar a Decisión 2006/28/CE da Comisión, do 18 de xaneiro de 2006, relativa á ampliación do prazo máximo para a colocación de marcas auriculares en determinados animais da especie bovina, pola cal se amplía a seis meses o prazo máximo previsto para a colocación de marcas auriculares en animais da especie bovina naqueles casos en que os animais se manteñan en condicións de xestión específicas, polo que se modifica o Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

A Axencia Española de Protección de Datos emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de xuño de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto:

a) Establecer e regular o Rexistro xeral de movementos de gando, no sucesivo REMO, en que se incluírán os datos básicos dos movementos de animais dentro do territorio nacional.

b) Establecer e regular o Rexistro xeral de identificación individual de animais, no sucesivo RIIA, en que se incluírán os datos básicos dos animais daquelas especies para as cales sexa obrigatorio o rexistro individual de animais.

c) Establecer o contido mínimo do documento de movemento que deberá acompañar os animais nos seus desprazamentos e que servirá para a comunicación por parte dos titulares de explotacións ou posuidores de ani-

mais á autoridade competente dos movementos de animais para a súa inclusión en REMO.

2. Aplicaráselles, no referido aos movementos, a aqueles que se produzan desde ou cara a explotacións situadas no territorio nacional, onde se trasladen animais de produción das especies mencionadas no anexo I do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, e no referido ao Rexistro de animais identificados individualmente ás especies establecidas no anexo I deste real decreto.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións establecidas no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

Así mesmo, entenderase por «movemento» o desprazamento simultáneo dun determinado número de animais dunha especie polos seus propios medios ou nun único medio de transporte desde unha explotación de orixe ata unha explotación de destino.

Artigo 3. *Rexistro xeral de movementos de gando.*

1. O REMO, adscrito á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, incluirá, polo menos, os datos que se establecen no anexo II, existentes nos rexistros das comunidades autónomas, dos movementos de gando que se produzan desde, cara a ou entre explotacións situadas no seu ámbito territorial.

2. O REMO constituirase nunha base de datos informatizada distribuída cuxa estrutura se define no anexo V, e será de acceso restrinxido ás autoridades competentes.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en colaboración coas comunidades autónomas, no marco do Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, establecerá os protocolos técnicos necesarios que permitan a conexión dos rexistros autonómicos co REMO.

4. Para efectos de coordinación, os rexistros autonómicos estarán informatizados e o seu sistema de xestión permitirá que os rexistros de movementos que neles se realicen teñan reflexo inmediato en REMO. As comunidades autónomas terán acceso informático inmediato a REMO para a información que lles compete.

5. A inclusión dun movemento en REMO non exime de obter as autorizacións pertinentes para a execución deste en función da normativa vixente e das características de cada movemento, nin presupón a tenza destas.

6. No referente aos movementos dos animais das especies bovina, porcina, ovina e caprina incluíranse no REMO as seguintes bases de datos:

a) A establecida para os bovinos polo artigo 12 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro para os animais da especie bovina.

b) A establecida para o porcino polas letras B e C do artigo 12.1 do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina.

c) A establecida para o ovino e caprino polo artigo 12 do Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina.

Artigo 4. *Rexistro xeral de identificación individual de animais.*

1. O Rexistro xeral de identificación individual de animais (RIIA), adscrito á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, incluirá, polo menos, os datos existentes nos rexistros das comunidades autónomas, que se establecen para os bovinos no anexo III e para os ovinos e caprinos no anexo IV, tendo en conta que para os ovinos e caprinos só se deben incluír os datos dos animais identificados electronicamente.

2. O RIIA constituirase nunha base de datos informatizada distribuída cuxa estrutura se define no anexo V, e será de acceso restrinxido ás autoridades competentes.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en colaboración coas comunidades autónomas, no marco do Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, establecerá os protocolos técnicos necesarios que permitan a conexión dos rexistros autonómicos co RIIA.

4. Para efectos de coordinación, os rexistros das comunidades autónomas estarán informatizados e o seu sistema de xestión permitirá que os rexistros de animais que neles se realicen teñan reflexo inmediato no RIIA. As comunidades autónomas terán acceso informático inmediato ao RIIA para a información que lles compete.

5. No referente aos rexistros de animais identificados individualmente das especies bovina, ovina e caprina incluíranse no RIIA as seguintes bases de datos:

a) A establecida para os bovinos polo artigo 12 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro.

b) A establecida para o ovino e caprino polo artigo 13 do Real decreto 947/2005, do 29 de xullo.

Artigo 5. *Comunicación de movementos de gando polos titulares dunha explotación ou polos posuídores de animais.*

1. O titular de cada explotación ou o posuidor dos animais deberalle comunicar á autoridade competente da comunidade autónoma os movementos de gando que se produzan na súa explotación. Desde a explotación de orixe comunicará a saída dos animais e desde a de destino a súa entrada, á comunidade autónoma en que radiquen as súas explotacións. Esta comunicación conterá os datos do anexo VI e realizarase no prazo máximo de sete días desde que teña lugar o evento, sen prexuízo de que por disposicións específicas ou en función das características dun movemento se poida establecer outro prazo inferior.

2. No caso dos desprazamentos dos animais bovinos ao matadoiro a confirmación da chegada dos animais entenderase que se realiza cando se comunica o sacrificio dos animais no matadoiro.

3. Para a comunicación ás comunidades autónomas dos datos referentes aos movementos de entrada e saída de gando por parte dos titulares dunha explotación ou dos posuídores de animais, poderase utilizar unha das copias do documento de movemento establecido no artigo 6, ou calquera outro medio informático ou telemático establecido pola autoridade competente.

Artigo 6. *Documento de movemento.*

1. Todos os movementos de gando deberán estar amparados por un documento de movemento debidamente cuberto polo titular ou posuidor dos animais ou pola autoridade competente, que recolla os datos mínimos establecidos no anexo VII. Este documento acompañará os animais ata a finalización do movemento na explotación de destino.

A posesión do documento de movemento non exige de obter as autorizacións pertinentes para a execución deste en función da normativa vixente e das características de cada movemento, nin presupón a tenza destas.

2. Os certificados sanitarios de orixe establecidos no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril, ou calquera outra documentación que acompañe os animais autorizada polas autoridades competentes, poderán servir como documento de movemento sempre que conteñan, polo menos, a información establecida no número 1.

3. No suposto de que o documento de movemento sexa emitido pola autoridade competente con carácter previo ao movemento e cando con posterioridade a esta emisión, por circunstancias excepcionais e motivadas, os datos relativos á data de saída, o transportista, o medio de transporte ou o número de animais sexan diferentes aos que se comunicaron á autoridade competente no momento de cubrir a solicitude do documento, o titular da explotación deberalle comunicar á autoridade competente que emitiu o documento, no prazo de dous días hábiles desde a data de saída, os ditos cambios. Neste caso, o número de animais só poderá ser inferior ao inicialmente solicitado.

Ademais estes cambios deberán ser indicados, baixo responsabilidade do titular da explotación, noutro documento independente ao de movemento e que deberá acompañar os animais ata a explotación de destino.

En ningún caso o cambio de data se poderá realizar fóra do período autorizado polo certificado sanitario de orixe correspondente, no caso de animais identificados individualmente non se poderá cambiar un animal por outro non autorizado para o dito movemento no certificado sanitario.

4. Os movementos de animais dentro dunha mesma comunidade autónoma poderán ser excepciónados do documento de movemento a que se refire este artigo, sempre que poida ser substituído por un sistema que presente as mesmas garantías, de acordo co disposto no artigo 50.3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

5. O titular da explotación de orixe do movemento ou o posuidor dos animais fará chegar unha copia de cada documento de movemento ao transportista e o orixinal ao titular da explotación de destino ou ao novo posuidor dos animais.

6. Os titulares das explotacións de orixe e destino de cada movemento ou posuidores dos animais deberán conservar unha copia do documento de movemento durante polo menos tres anos desde a data en que se produciu este.

Artigo 7. *Control de identidade nos movementos de animais.*

1. En todas as fases de comercialización dos animais de produción, os titulares de explotación ou posuidores dos animais están obrigados a comprobar a correspondencia entre a correcta identificación dos animais, individual ou por lotes, segundo corresponda en función da lexislación vixente, e a documentación que obrigatoriamente debe acompañalos no momento da súa entrada ou saída na explotación.

2. O titular da explotación de destino dun movemento ou o posuidor dos animais deberalle comunicar á autoridade competente no menor tempo posible e, en calquera caso, antes dos dous días hábiles desde a chegada dos animais:

a) Naquelas especies en que os animais van identificados cun código individual que debe ser obrigatoriamente reflectido no documento de movemento, a non-correspondencia entre a identificación individual dos animais recibidos e os indicados no documento de movemento que os acompañe.

b) Naquelas especies en que no documento de movemento só deba figurar a identificación dos animais por lotes, a non-correspondencia entre a identificación dos animais recibidos, incluíndo os datos de categoría e especie, e o documento de movemento que os acompañe.

Artigo 8. *Código de identificación do movemento.*

Para identificar os movementos de gando no REMO, as autoridades competentes das comunidades autónomas asignarán a cada movemento un código que garanta a súa identificación de forma única. Este código virá determinado polo código da comunidade autónoma onde se encontra situada a explotación de orixe do movemento, de acordo coa táboa que figura como anexo VIII, seguido de 16 díxitos.

No caso das comunidades autónomas cuxo código de identificación comece por cero, este non se terá en conta e a lonxitude total do código REMO asignado por estas será de 17 díxitos.

Para o resto das comunidades autónomas a lonxitude total do código REMO será de 18 díxitos.

Artigo 9. *Comunicación de movementos de animais entre comunidades autónomas.*

No caso de movementos de animais entre comunidades autónomas, a comunicación de cada movemento da comunidade autónoma de orixe á de destino, de acordo co establecido no artigo 51.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, deberase efectuar mediante o rexistro do movemento por parte da comunidade autónoma de orixe e o seu traslado, a través de REMO, á de destino.

Artigo 10. *Comunicación de datos dos animais bovinos aos matadoiros.*

1. As autoridades competentes facilitarán o acceso ao RIIA autonómico dos matadoiros radicados no seu ámbito territorial, respecto dos animais bovinos sacrificados nestes, co fin de obter, polo menos, a seguinte información:

a) Estado membro ou país terceiro de nacemento do animal.
b) Estados membros e países terceiros en que tivese lugar a engorda.

2. As autoridades competentes establecerán o procedemento para a obtención da información requirida no punto anterior, ao cal se deberán axustar os matadoiros situados no seu ámbito territorial.

Artigo 11. *Controis.*

No marco dos plans establecidos anualmente polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para aplicar de forma coordinada os sistemas de identificación e rexistro nas diferentes especies, as autoridades competentes levarán a cabo os controis necesarios, administrativos e sobre o terreo, para garantir o correcto funcionamento dos rexistros creados por este real decreto.

Artigo 12. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional primeira. *Recursos humanos e materiais.*

A creación dos rexistros REMO e RIIA regulados neste real decreto non suporá ningún incremento do gasto público, xa que serán atendidos cos medios persoais e materiais existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición adicional segunda. *Creación de ficheiro.*

Créanse no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os ficheiros de datos de movementos de animais e de animais identificados individualmente, derivados dos rexistros xerais REMO e RIIA, co contido previsto no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e que se detallan nos anexos IX e X.

Disposición adicional terceira. *Calendario de aplicación.*

As datas máximas de incorporación ao REMO das especies incluídas no anexo I do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, e ao RIIA das especies que deben figurar nel son as que establece o anexo XI.

Disposición adicional cuarta. *Movementos e animais xa rexistrados.*

1. Integrarase no REMO a información referida aos movementos de animais das especies bovina e porcina producidos con anterioridade á data disposta, para cada unha desas especies, no calendario de aplicación do REMO, e que estean rexistrados nas bases de datos establecidas para os bóvidos polo artigo 12 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e para o porcino polas letras B e C do artigo 12.1 do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina. No caso do porcino a información limitarase á rexistrada nos tres anos anteriores á data disposta no calendario de aplicación do REMO para esta especie.

2. Integrarase no RIIA a información referida á identificación individual de animais da especie bovina rexistrada na base de datos establecida polo artigo 12 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, con anterioridade da data disposta para a dita especie no calendario de aplicación do RIIA.

Disposición adicional quinta. *Competencias doutros ministerios.*

As disposicións deste real decreto, cando afecten os animais adscritos aos ministerios de Defensa e Interior e os seus organismos públicos, aplicaranse de conformidade co disposto na disposición adicional terceira da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións con efectos desde a data que se indica en cada caso:

a) Desde a fixada no anexo XI, de incorporación dos bovinos a REMO e RIIA, a Orde do 21 de decembro de 1999, pola que se crea a Mesa de coordinación de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e se regula unha base de datos informatizada.

b) Desde a data, fixada no anexo XI, de incorporación do porcino a REMO, a Orde APA/3164/2002, do 11 de decembro, pola que se establece e regula a base de datos informatizada Sistema Nacional de Identificación e rexistro dos movementos dos porcinos (SIMOPORC).

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina.*

O Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, queda modificado como segue:

Un. Substitúese o número 4 do artigo 6 polo texto seguinte:

«4. As marcas auriculares colocaranse dentro do prazo de vinte días a partir do nacemento do animal e, en calquera caso, antes de que o animal abandone a explotación en que naceu, sen prexuízo das ampliacións deste prazo establecidas na Decisión n.º 2006/28/CE, da Comisión, do 18 de xaneiro de 2006, relativa á ampliación do prazo máximo para a colocación de marcas auriculares en determinados animais da especie bovina.

En virtude da citada decisión, a autoridade competente poderá autorizar as explotacións a ampliar a seis meses o prazo máximo para a colocación de marcas auriculares nos animais bovinos, sempre e cando se verifique mediante visita de inspección polo menos anual que as condicións das explotacións son as que se recollen no artigo 2 da citada decisión.

A autoridade competente rexistrará as autorizacións concedidas ás explotacións e aos animais para ampliar o prazo de colocación das marcas auriculares, no Rexistro xeral de explotacións gandeiras, e no Rexistro xeral de identificación individual de animais. Para os efectos da inscrición neste último rexistro, os posuidores dos animais deberán indicar na notificación de nacemento de cada animal se lle foron colocadas as marcas auriculares.

Dous. O anexo 2 substitúese polo que figura como anexo XII deste real decreto.

Tres. O anexo 3 substitúese polo que figura como anexo XIII deste real decreto.

Catro. A disposición adicional quinta substitúese polo seguinte texto:

«Disposición adicional quinta. *Marcas auriculares dos animais nados antes do 1 de xaneiro de 1998.*

Os animais nados antes do 1 de xaneiro de 1998 deberanse identificar conforme o capítulo II antes do 1 de novembro de 2007.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.*

O artigo 8 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, queda modificado como segue:

«Artigo 8. *Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro.*

1. Constitúese o Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro como órgano

colexiado, adscrito á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. O Comité estará integrado polos seguintes membros:

a) Presidente: o subdirector xeral de Ordenación e Boas Prácticas Gandeiras, da Dirección Xeral de Gandaría.

b) Vicepresidente: o subdirector xeral adxunto de Ordenación e Boas Prácticas Gandeiras, da Dirección Xeral de Gandaría.

c) Vogais: un representante de cada comunidade autónoma que acorde integrarse neste órgano, o subdirector xeral de Sanidade Animal, o subdirector xeral de Pagamentos Directos Vacún e Ovino, o subdirector xeral de Mercados Exteriores e Producións Porcinas, Avícolas e outras, o subdirector xeral de Medios de Produción Gandeiros, o subdirector xeral de Informática e Comunicacións do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e o subdirector xeral de Axudas Directas, do Fondo Español de Garantía Agraria.

d) Secretario: un funcionario que ocupe, polo menos, o posto de xefe de sección na relación de postos de traballo da Subdirección Xeral de Ordenación e Boas Prácticas Gandeiras, da Dirección Xeral de Gandaría, designado polo seu titular.

3. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vicepresidente.

4. O Comité poderá aprobar as súas propias normas de funcionamento. En todo o non previsto nestas, aplicarase a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O Comité reunirse mediante convocatoria do seu presidente ou por solicitude de calquera dos seus membros, e, como mínimo, unha vez ao trimestre.

5. Son funcións do Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro:

a) Propor as medidas necesarias que aseguren o funcionamento coordinado dos sistemas de identificación e Rexistro das especies de interese gandeiro en todo o territorio nacional.

b) Efectuar as tarefas de estudo e asesoramento que se precisen para adaptar a normativa nacional sobre identificación e rexistro ás necesidades que se presenten.

c) Acordar a constitución de grupos de traballo específicos.

6. Os gastos en concepto de indemnizacións por realización de servizos, axudas de custo e desprazamentos que se orixinen pola participación en reunións dos integrantes do comité serán por conta das súas respectivas administracións.»

Disposición derradeira terceira. Modificación do Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina.

O Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina, queda modificado como segue:

Un. O artigo 10 quedará redactado como segue:

«Artigo 10. *Documento de movemento.*

1. O documento de movemento dos animais rexerese polo Real decreto 728/2007, do 13 de xuño,

polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.

2. A partir do 1 de xaneiro de 2008, o documento de movemento recollerá, cando corresponda, ademais dos datos previstos no punto anterior, o código individual de identificación de cada animal definido no artigo 4.4.

3. Os titulares ou posuidores deberán conservar os documentos de movemento dos animais que entraron e un duplicado dos documentos de movemento dos animais que saíron da súa explotación, durante un período mínimo de tres anos desde a data do movemento. Estes documentos estarán á disposición da autoridade competente sempre que o requira.

4. As autoridades competentes comunicaranlle á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os modelos de documento de movemento, para a súa remisión á Comisión Europea e aos demais Estados membros.»

Dous. Engádesse a seguinte disposición adicional.

«Disposición adicional cuarta. *Adecuación normativa.*

Todas as referencias contidas neste real decreto ao documento de traslado entenderanse referidas ao documento de movemento establecidas no Real decreto 728/2007, do 8 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.»

Tres. Suprímese o anexo V.

Disposición derradeira cuarta. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira quinta. Facultade de desenvolvemento e modificación.

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar mediante orde ministerial os anexos deste real decreto por motivos urxentes relacionados coa sanidade animal ou para a súa adaptación á normativa comunitaria.

Disposición derradeira sexta. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, os números dous e tres da disposición derradeira primeira entrarán en vigor para os animais que nazan, cambien de propietario, se importen ou se exporten, a partir dos tres meses da expiración do prazo previsto no anexo XI para a incorporación aos rexistros xerais de movementos de gando e de identificación individualizada de animais dos datos correspondentes á especie bovina.

Dado en Madrid o 13 de xuño de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I**Especies e grupos de especies de animais de produción que deben figurar no Rexistro xeral de identificación individual de animais**

Bovinos: incluíndo os vacúns, búfalos e bisontes.
Ovino.
Caprino.

ANEXO II**Datos básicos do movemento que se deben incluír no Rexistro xeral de movementos de gando**

1. Datos da explotación de orixe.
 - a) Código da explotación. Para as explotacións nacionais indícase de acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 479/2004.
 - b) País de orixe no caso de importacións e entradas desde outros países da Unión Europea.
2. Datos da explotación de destino.
 - a) Código da explotación. Para as explotacións nacionais indícase de acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 479/2004.
 - b) País de destino no caso de exportacións e saídas cara a outros países da UE.
3. Datos do movemento de animais.
 - a) Data de saída.
 - b) Data de chegada.
 - c) Especie.
 - d) Número de animais establecido, se é o caso, por categorías segundo as normativas sectoriais.
 - e) Identificación individual dos animais segundo requira a normativa sectorial ou sanitaria.
 - f) Código do medio de transporte.
 - g) Tipo de medio de transporte.
 - h) Número de autorización do transportista.
 - i) Se procede, número de identificación do certificado sanitario de orixe asociado ao movemento.
 - j) Se procede, data de emisión do certificado sanitario de orixe asociado ao movemento.
 - k) Código de identificación do movemento segundo establece o artigo 8.
 - l) Indicación sobre se o movemento ten carácter de transhumancia (si/non).

Os datos reflectidos nos puntos 3.f e 3.h non se deberán indicar no caso de que o movemento o realice o gando sen utilizar un medio de transporte motorizado.

O dato reflectido no punto 3.h non se deberá indicar no caso de transporte de animais en distancias inferiores a 50 km.

ANEXO III**Datos mínimos dos animais da especie bovina que se deben integrar no Rexistro xeral de identificación individual de animais**

1. Datos básicos de animais bovinos.
 - a) Código de identificación.
 - b) Especie, sexo e raza.
 - c) Código da explotación onde está localizado (se está vivo) ou onde morreu (se está morto).
 - d) Código de identificación da nai.
 - e) Código da explotación de nacemento.
 - f) Data de nacemento.
 - g) País de nacemento.
 - h) Tipo de morte (se está morto).
 - i) Data de morte (se está morto).
 - j) Identificación do touro de lida.

k) Identificación orixinal (se foi importado dun país terceiro)

l) Reidentificacións se naceu antes do 1 de xaneiro de 1999 e se reidentificou conforme o capítulo II do Real decreto 1980/1998 (identificación anterior e data da reidentificación).

m) País/es de engorda.

n) Datos do titular do animal e, no caso de cambio de titular, datos dos novos titulares.

o) Cando proceda, datos sobre solicitudes de duplicados de identificadores.

2. Información sanitaria.

a) Vacinacións e datas de vacinación.

b) Paso por zonas sanitarias restrinxidas e data de paso.

c) Procedente de explotación con foco de encefalopatía esponxiforme bovina (EEB).

ANEXO IV**Datos mínimos dos animais das especies ovina e caprina que se deben integrar no Rexistro xeral de identificación individual dos animais**

- a) Código de identificación do animal.
- b) Especie, sexo e raza.
- c) Ano de nacemento e data de identificación (para os animais procedentes doutros EEMM a data de incorporación á explotación de importación).
- d) Código de explotación en que foi identificado (código REGA da explotación de importación no caso dos animais identificados electronicamente importados doutros EEMM).
- e) Tipo de identificador electrónico: bolo ruminal, inxectable ou pendente electrónico no caso de animais procedentes doutros Estados membros con este sistema.
- f) Cando proceda, datos sobre solicitudes de duplicados de identificadores electrónicos.

ANEXO V**Estrutura do Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais, situación e acceso á información**

1. A estrutura do Rexistro xeral de movementos do gando (REMO) e do Rexistro xeral de identificación individualizada de animais (RIIA) responderá a un modelo de bases de datos distribuídas e estará integrada por:

a) Un servidor central no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

b) Unha canle de comunicacións entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e todas as comunidades autónomas.

c) Os datos mínimos, establecidos no artigo 3.1 deste real decreto, para REMO, e que residen en cada servidor autonómico.

d) Os datos mínimos, establecidos no artigo 4.1 deste real decreto, para RIIA, e que residen en cada servidor autonómico.

Todos estes elementos forman parte dos sistemas REMO e RIIA, que son únicos para todo o territorio nacional.

2. A información relativa a cada movemento con orixe e destino nunha comunidade autónoma residirá no seu servidor autonómico.

3. No caso dos movementos entre comunidades autónomas e para garantir un correcto funcionamento do sistema e o cumprimento do artigo 9 deste real decreto, cando a información do movemento correspondente sexa enviada pola comunidade autónoma de orixe ou destino

deste, os datos que se establezan por proposta do Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro, establecido no Real decreto 479/2004, quedarán rexistrados no servidor central, incluíndose, polo menos, os seguintes datos mínimos:

Código de identificación do movemento segundo establece o artigo 8 deste real decreto.

Código da explotación de orixe.

Código da explotación de destino.

Data de saída

Data de chegada

Especie.

Número de animais, establecido, sé é o caso, por categorías, segundo as normativas sectoriais.

Identificación individual dos animais segundo requira a normativa sectorial.

Código e tipo do medio de transporte.

Número de autorización do transportista.

Número de identificación do certificado sanitario de orixe asociado ao movemento.

Data de emisión do certificado sanitario de orixe asociado ao movemento.

4. O servidor central recollerá e manterá ademais, durante tres anos no caso dos movementos rexistrados por lotes e de maneira indefinida no caso dos movementos rexistrados por animais identificados individualmente, a información que se estableza por proposta do Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro establecido no Real decreto 479/2004, dos movementos onde a orixe ou destino destes sexan outros Estados membros da Unión Europea ou países terceiros incluíndose, polo menos, os seguintes datos mínimos:

Código da explotación de orixe.

País de orixe no caso de importacións e entradas desde outros países da UE.

Código da explotación de destino.

País de destino no caso de exportacións e saídas cara a outros países da UE.

Data de saída.

Data de chegada.

Especie.

Número de animais establecido, se é o caso, por categorías, segundo as normativas sectoriais.

Identificación individual dos animais segundo requira a normativa sectorial.

Código e tipo do medio de transporte.

Número de autorización do transportista.

Número de identificación do certificado sanitario de orixe asociado ao movemento.

Data de emisión do certificado sanitario de orixe asociado ao movemento.

5. No caso do bovino a información relativa aos animais identificados individualmente residirá no servidor da comunidade autónoma en que se encontra o animal en cada momento. No caso do ovino e do caprino a información relativa aos animais identificados individualmente residirá no servidor da comunidade autónoma onde se identificase electronicamente o animal, ou a que pertenza a explotación a que van destinados os animais cando se importen doutros EEMM.

6. Para os efectos de coordinación o servidor central disporá de información actualizada de maneira permanente sobre todos os animais identificados individualmente e rexistrados en RIIA. Esta información servirá tamén para dar cumprimento ás obrigas de comunicación entre comunidades autónomas sobre o desprazamento de animais da especie bovina dunha comunidade autónoma a outra. Os datos básicos que as comunidades

autónomas comunicarán para cada animal rexistrado en RIIA ao servidor central, así como a dinámica para a realización das ditas comunicacións, estableceranse por proposta do Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro establecido no Real decreto 479/2004, incluíndose, polo menos, os seguintes datos mínimos:

Código de identificación.

Sexo e raza.

Código da explotación onde está localizado (se está vivo) ou onde morreu (se está morto).

Código de identificación da nai.

Código da explotación de nacemento.

Data de nacemento.

País de nacemento.

Tipo de morte (se está morto).

Data de morte (se está morto).

Identificación do touro de lida.

Reidentificacións, se naceu antes do 1 de xaneiro de 1999 e se reidentificou conforme o capítulo II do Real decreto 1980/1998 identificación anterior e data da reidentificación.

País/es de engorda.

Información sanitaria: vacinacións, paso por zonas sanitarias restrinxidas e procedencia de explotación con foco de EEB.

7. A información, relativa aos datos mínimos de movementos e animais identificados individualmente, situada en cada servidor autonómico e no servidor central, será accesible, segundo estableza o Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro establecido no Real decreto 479/2004, para os usuarios autorizados polas comunidades autónomas na forma en que a autoridade competente determine, así como para os usuarios autorizados do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

8. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas establecerán as medidas necesarias que garantan a autenticidade, integridade, protección e conservación dos ficheiros situados nos seus respectivos equipamentos.

ANEXO VI

Datos básicos do movemento que debe comunicar o titular da explotación ou o posuidor dos animais

1. Datos da explotación de orixe

a) Código da explotación. Para as explotacións nacionais indícarase de acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 479/2004.

b) País de orixe no caso de importacións e entradas desde outros países da UE.

2. Datos da explotación de destino

a) Código da explotación. Para as explotacións nacionais indícarase de acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 479/2004.

b) País de destino no caso de exportacións e saídas cara a outros países da UE.

3. Datos do movemento de animais

a) Data de saída, a informar por quen declara a saída.

b) Data de chegada, a informar por quen declara a chegada.

c) Especie.

d) Número de animais establecido, se é o caso, por categorías segundo as normativas sectoriais.

e) Identificación individual dos animais segundo requira a normativa sectorial ou sanitaria.

f) Código do medio de transporte a informar por quen declara a chegada.

g) Tipo de medio de transporte.

h) Número de autorización do transportista, a informar por quen declara a saída nas exportacións, no resto dos casos polo que declara a chegada.

i) Indicación sobre se o movemento ten carácter de transhumancia (si/non).

Os datos reflectidos nos puntos 3.f e 3.h non se deberán indicar no caso de que o movemento o realice o gando sen utilizar un medio de transporte motorizado.

O dato reflectido no punto 3.h non se deberá indicar no caso de transporte de animais en distancias inferiores a 50 km.

ANEXO VII

Datos mínimos que deben constar no documento de movemento

1. Datos da explotación de orixe.

a) Código da explotación. Para as explotacións nacionais indicárase de acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 479/2004.

b) Apelidos e nome / razón social ou NIF/CIF do titular da explotación.

c) Municipio da explotación.

d) Provincia da explotación.

2. Datos da explotación de destino.

a) Código da explotación. Para as explotacións nacionais indicárase de acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 479/2004.

b) Apelidos e nome / razón social ou NIF/CIF do titular da explotación.

c) Municipio da explotación.

d) Provincia da explotación.

3. Datos do movemento de animais.

a) O código REMO do movemento establecido no artigo 8, polo menos nos movementos entre comunidades autónomas.

b) Data de saída.

c) Especie.

d) Número de animais establecido, se é o caso, por categorías segundo as normativas sectoriais.

e) Identificación individual dos animais segundo requira a normativa sectorial ou sanitaria.

f) Código do medio de transporte.

g) Tipo de medio de transporte.

h) Número de autorización do transportista.

i) Se procede, número de identificación do certificado sanitario de orixe asociado ao movemento.

j) Se procede, data de emisión do certificado sanitario de orixe asociado ao movemento.

4. Outros datos.

a) Conformidade do titular da explotación de orixe.

b) Se é o caso, conformidade do titular da explotación de destino indicando a data de recepción dos animais (esta conformidade cubrírase á chegada a destino do movemento).

Os datos reflectidos nos puntos 3.f e 3.h non se deberán indicar no caso de que o movemento o realice o gando sen utilizar un medio de transporte motorizado.

O dato reflectido no punto 3.h non se deberá indicar no caso de transportes de animais en distancias inferiores a 50 km.

ANEXO VIII

Códigos identificativos das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla

- 01 Andalucía.
- 02 Aragón.
- 03 Principado de Asturias.
- 04 Illes Balears.
- 05 Canarias.
- 06 Cantabria.
- 07 Castilla-La Mancha.
- 08 Castilla y León.
- 09 Cataluña.
- 10 Extremadura.
- 11 Galicia.
- 12 Madrid.
- 13 Rexión de Murcia.
- 14 Comunidade Foral de Navarra.
- 15 País Vasco.
- 16 La Rioja.
- 17 Comunidade Valenciana.
- 18 Ceuta.
- 19 Melilla.

ANEXO IX

Creación do ficheiro do Rexistro xeral de identificación individual de animais

Unidade responsable da declaración e rexistro do ficheiro: Dirección Xeral de Gandaría.

Finalidade e usos: rexistro de animais identificados individualmente e que, por norma sectorial, deben figurar nun rexistro. Este rexistro xunto con REMO permitirá realizar unha rastrexabilidade completa dos animais de produción permitíndolles ás autoridades competentes mellorar a xestión da epidemiovixilancia veterinaria e da seguranza alimentaria dos alimentos de orixe animal.

Persoas e colectivos afectados: toda persoa física ou xurídica titular dunha explotación gandeira e/ou posuidora dun animal das especies bovina, ovina ou caprina

Procedementos de recollida de datos: comunicados polo propio interesado ante os órganos competentes das comunidades autónomas.

Estrutura básica dos ficheiros e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos nestes: (anexos III e IV).

No caso dos animais bovinos en RIIA recóllese como dato persoal o nome e apelidos do titular dos animais.

Cesións de datos de carácter persoal e transferencias internacionais de datos: ás comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, ás forzas e corpos de seguranza e á Comisión europea.

Órgano responsable: Subdirección Xeral de Ordenación e Boas Prácticas Gandeiras. Dirección Xeral de Gandaría.

Órgano ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación: Subdirección Xeral de Ordenación e Boas Prácticas Gandeiras. Dirección Xeral de Gandaría.

Medidas de seguranza con indicación do nivel exixible: nivel básico.

ANEXO X

Creación do ficheiro do Rexistro xeral de movementos de gando

Unidade responsable da declaración e rexistro dos ficheiros: Dirección Xeral de Gandaría.

Finalidade e usos: rexistro de movementos de animais de interese gandeiro que, por norma sectorial, deben figurar nun rexistro. Este rexistro xunto con RIIA permitirá

realizar unha rastrexabilidade completa dos animais de produción permitíndolles ás autoridades competentes mellorar a xestión da epidemiovixilancia veterinaria e da seguranza alimentaria dos alimentos de orixe animal.

Persoas e colectivos afectados: toda persoa física ou xurídica titular dunha explotación gandeira e/ou posuidora dun animal das especies incluídas no anexo XI segundo o calendario de aplicación.

Procedementos de recollida de datos: comunicados polo propio interesado ante os órganos competentes das comunidades autónomas.

Estrutura básica dos ficheiros e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos neles: (anexo II).

No caso de REMO recóllese como dato persoal a matrícula de vehículos utilizados para o transporte de animais.

Cesións de datos de carácter persoal e transferencias internacionais de datos: ás comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, ás forzas e corpos de seguranza e á Comisión europea.

Órgano responsable: Subdirección Xeral de Ordenación e Boas Prácticas Gandeiras. Dirección Xeral de Gandería.

Órgano ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación: Subdirección Xeral de Ordenación e Boas Prácticas Gandeiras. Dirección Xeral de Gandería.

Medidas de seguranza con indicación do nivel exixible: nivel básico.

ANEXO XI

Calendario de aplicación do Rexistro xeral de movementos de gando e do Rexistro xeral de identificación individual de animais para as diferentes especies

Desde a data de entrada en vigor deste real decreto:

Ovino: RIIA.
Caprino: RIIA.
Porcino: REMO.

1 de decembro de 2007:

Bovinos (incluíndo os vacúns, búfalos e bisontes): REMO e RIIA.

1 de xaneiro de 2008:

Ovino: REMO.
Caprino: REMO.

1 de xullo de 2008:

Équidos (incluíndo os cabalos, asnos e mulas): RIIA
Aves de curral (galiñas, pavos, pintadas, patos, ocas, paspallás, pombas, faisáns, perdices e aves corredoras (Ratites): REMO.

1 de xaneiro de 2009:

Équidos (incluíndo os cabalos, asnos e mulas): REMO.

Cunicultura (coellos e lebres): REMO.

1 de xaneiro de 2010:

Apicultura: REMO.

Especies peleteiras (visón, raposo vermello, lontra e chinchilla): REMO.

Especies cinxéticas de caza maior criadas, mantidas ou cebadas como animais de produción (corzos, cervos, gamos e xabarís): REMO.

Outras: REMO.

ANEXO XII

«ANEXO 2

Documento de identificación para bovino

Características: papel offset de 120 gramos. Dimensións: largo, 21 cm/alto, 14,75 cm. Simbología dos códigos de barras: Code 128.Set A.

Código superior: leva o número de identificación (marca auricular) con letras e números, pero sen espazos nin guións.

Código medio: leva o código REGA da explotación do seu propietario, con letras e números.

Código inferior: leva os datos imprescindibles do animal co formato
CCCCCCCCCCCC/ DDMMAAAASSRRRR/CCCCCCCCCCCC, onde

CCCCCCCCCCCC é o número de identificación do animal, / é un separador.

DDMMAAAA é a data de nacemento do animal (día, mes, ano), sen separadores.

SS é o código do sexo do animal establecido polos protocolos técnicos acordados no Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro establecido no Real decreto 479/2004.



RRRR é o código de raza do animal establecido polos protocolos técnicos acordados no Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro establecido no Real decreto 479/2004, / é un separador.

CCCCCCCCCCCC é o código da nai.

Nota: como máximo levará unha lonxitude de 44 caracteres (cando a marca auricular da nai sexa de 14 caracteres), pero será menor se a marca auricular ten unha lonxitude menor.

Contido: de acordo cos seguintes modelos:

Exemplar 1. Para o acompañamento do animal nos seus desprazamentos

Espazo para o escudo ou logo da C.A.	Data de expedición	DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN PARA BOVINOS Exemplar 1 de acompañamento do animal	
	Sinatura ou selo da autoridade competente		
		NUMERO DE IDENTIFICACION ES 05 07 0150 8111	
Espazo reservado para anotar o identificador dos touros de lida			

DATOS DO ANIMAL
DATA DE NACEMENTO 01/01/2000 SEXO macho RAZA avileña PAÍS DE NACEMENTO España Código da nai ESBA0000AA EXPLOTACIÓN DE NACEMENTO ES000000000000 PAÍSES DE ENGORDA



DATOS DA EXPLOTACIÓN
Código ES000T000  TITULAR XXXXX XXXXX XXXXX ES000000000000 DNI/CIF 00000000B
DATA DE INCORPORACIÓN Á EXPLOTACIÓN 00/00/00

DATOS DA MORTE, SACRIFICIO OU EXPORTACIÓN A PAÍS NON PERTENCENTE Á U.E.		
ANIMAL	Morto en explotación Sacificado en matadoiro exportado a outro país	SINATURA OU SELO
	Día Mes.... Ano....	


DATOS SOBRE PRIMAS	Espazo de libre disposición para a inclusión doutras informacións pola autoridade competente
SOLICITADA PRIMA ESPECIAL	
Día Mes Ano	



Exemplar 2. Quedará na explotación de orixe de movemento do animal.

Espazo para o escudo ou logo da C.A.	Data de expedición	DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN PARA BOVINOS Exemplar 2	
	Sinatura ou selo da autoridade competente		
		NUMERO DE IDENTIFICACION ES 05 07 0150 8111	
Espazo reservado para anotar o identificador dos touros de lida			

DATOS DO ANIMAL
DATA DE NACEMENTO 01/01/2000 SEXO macho RAZA avileña PAÍS DE NACEMENTO España Código da nai ESBA0000AA EXPLOTACIÓN DE NACEMENTOES000000000000 PAÍSES DE ENGORDA



DATOS DA EXPLOTACIÓN
Código ES000T000  TITULAR XXXXX XXXXX XXXXX ES000000000000 DNI/CIF 00000000B
DATA DE INCORPORACIÓN Á EXPLOTACIÓN 00/00/00

SOBRE A BAIXA NA EXPLOTACIÓN	
CAUSA BAIXA NA EXPLOTACIÓN O DÍA -----/-----/----- POR:	SINATURA OU SELO
MORTE <input type="checkbox"/>	
SAÍDA <input type="checkbox"/> con destino a	


<p>Espazo de libre disposición para a inclusión doutras informacións pola autoridade competente</p>



Exemplar 1. Para o acompañamento do animal nos seus desplazamentos.

Espazo para o escudo ou logo da C.A.	Data de expedición	DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN PARA BOVINOS	 ESPAÑA
	Sinatura ou selo da autoridade competente		
		NUMERO DE IDENTIFICACION ES 05 07 0150 8111	
Espazo reservado para anotar o identificador dos touros de lida			

DATOS DO ANIMAL	
DATA DE NACEMENTO	01/01/2000 SEXO macho RAZA avileña PAÍS DE NACEMENTO España
Código da nai	ESBA0000AA EXPLOTACIÓN DE NACEMENTO ES000000000000
PAÍSES DE ENGORDA	

DATOS DA EXPLOTACIÓN	
Código ES000T000	 ES000000000000
TITULAR	XXXXXX XXXXXX XXXXXX DNI/CIF 00000000B
DATA DE INCORPORACIÓN Á EXPLOTACIÓN 00/00/00	

DATOS DA MORTE, SACRIFICIO OU EXPORTACIÓN A PAÍS NON PERTENCENTE Á U.E.		
ANIMAL	Morto en explotación Sacrificado en matadoiro exportado a outro país	SINATURA OU SELO
	Día Mes.... Ano....	

DATOS SOBRE PRIMAS	Espazo de libre disposición para a inclusión doutras informacións pola autoridade competente
SOLICITADA PRIMA ESPECIAL Día Mes Ano	



MOVEMENTOS DO BOVINO

DATA	EXPLOTACIÓN DE ORIXE	EXPLOTACIÓN DE DESTINO